

Paco Carballo: respectaremos as túas ideas

Posted on [Martes, 23 Decembro, 2014](#)



Rosa Cal – Anxo Ferreiro Currás

O sábado 29 de novembro morreu Francisco Carballo na residencia da Orde dos PP. Paúles da que formaba parte, en Santa Marta de Tormes, nas aforas de Salamanca capital, onde, ben tratado, enxergaba a mirada cara á súa Terra.

Carballo era oriúndo de Ourense e exerceu o seu oficio relixioso varias décadas en Galiza. Coñecín a Carballo nunha romaxe alá polo comezo dos anos oitenta. Era unha romaxe das atípicas, reivindicativas, nacionalistas, libres. Francisco era un produto da ilusión promovida polo concilio Vaticano II. Escoitaba alí o seu relato vivo, case apaixonado. Pero, por algunha razón, había medo entre a xente que estabamos. Ao remate do discurso, unha señora berroulle “Choaremos por ti, se te prenden!”. A resposta del non se fixo esperar: “Non choredes, cona, pelexade!!!”. Pareceume interesante o persoeiro, e dei en ler as colaboracións en A Nosa Terra e La Iglesia en la Galicia contemporánea 1931-1936, escrito xunto con Alfonso Magariños, editado no 1978. No 1981, por un dos parágrafos da súa Historia de Galicia, foi condenado a seis meses e un día de prisión menor e 20.000 pesetas de multa. Iso foi só o comezo. As súas análises eran clarísimas e ben argumentadas, era un referente como teólogo e como historiador.

Dalgunhas persoas que apreizamos, aínda que elas non o saiban, cremos que non se van ir nunca. Iso foi o que me pasou. No ano 2012 presidiu, en Vigo primeiro e pouco despois en Ourense, a mesa de presentación do meu estudo Los curas contra Franco. Non parecía que tivese a idade que tiña. Meses máis tarde soubemos que o levaran, por enfermidade, para Salamanca.

Non tardamos en ir visitalo Anxo F. Currás e mais eu a Santa Marta de Tormes. Padecía a enfermidade, pero aínda non estaba vencido. Recibiunos ledos e demos un paseo polos xardíns, falando do divino e do humano, como tiña que ser. Foron dúas horas deliciosas, e retornamos contentos por velo a el así. Quedamos en mandarlle un libro acabado de saír. Así o fixemos, mais el non deu aviso de recibo.

Unicamente puidemos facerlle tres visitas. Na segunda detectamos unha perda de atención, pero cando lle preguntamos se recibira o libro, explicounos: “Recibín, si, tiña que contestar, pero... (mantivo un silencio elocuente)... non o fixen”. Non quixo baixar ao xardín, e estivemos sempre na mesma sala.

A última visita, hai un mes, foi dura. Sentados arredor da mesa da sala de visitas, notamos que había momentos nos que se paraba, como se se tratase dun reloxo que vai esgotando a corda, e para uns segundos, nos que nin se sente nada, nen o máis leve tic-tac. Daquela, Carballo ficaba cos ollos en nós, e permanecía coma un retrato sen dicir palabra. Ao cabo, deuse conta de que estabamos alí e arrimou a cadeira máis preto de nós. Mais deseguida o rostro volveu a poñerse inexpresivo. Pasados uns dez segundos, volveu falar só para dicir: “Eiquí case son grises todos os días, pero algún hai cun raio de luz, coma o de hoxe. Ben, xa ten que vir a noite”. Cortou de repente e desconectou outros segundos. Era dura a situación; o mal, á fin, tomara o seu corpo. Co sorriso no rostro, despediunos. Nós sospeitamos que aquelas apertas podían ser as derradeiras.

A pena é que xa non lle podemos pedir a súa opinión sobre temas históricos ou de actualidade, como nos pasou

con José María Díaz-Alegría, outro gran pensador, e varios máis dos que o consolo son os seus escritos e a súa historia en tempos de loita. Paco Carballo, un galego ilustre e loitador que viviu case noventa anos.